

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DE OUTES.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º Obxecto do regulamento

Este regulamento contén as normas de funcionamento e utilización das instalacións da piscina municipal de Outes no marco das disposicións sectoriais aplicables.

Artigo 2º Datat e horario de apertura, prezos aplicables e obxectivos das instalacións

1. As instalacións da piscina municipal estarán abertas ao público todos os meses do ano agás agosto, nos seguintes horarios: a) de luns a venres, de 8:15 a 13:30 h; e de 17:00 a 23:00 h. E b) os sábados, de 9:00 a 14:00 h. Calquera modificación deste horario que non supoña un cambio substancial do mesmo, poderá ser levado a cabo mediante acordo da Xunta de Goberno Local.
2. As cotas e prezos aplicables polos servizos da piscina son os determinados pola ordenanza reguladora aprobada polo Concello.
3. A xestión das instalacións da piscina municipal persegue os seguintes obxectivos:
 - a) Fomentar a actividade física, o deporte e a educación física de cara ao desenvolvemento integral da persoa e a xerar hábitos de vida saudables.
 - b) Divulgar o exercicio físico entre as persoas a través de diferentes actividades lúdico- deportivas.
 - c) Promover a natación en diferentes niveis e as habilidades acuáticas entre a poboación con fins utilitarios, hixiénicos e de benestar, así como as actividades físicas dirixidas
 - d) Favorecer a práctica cotiá dunha actividade saudable continua para fomentar as capacidades físicas, sociais e terapéuticas.

Artigo 3º Marco normativo do regulamento

1. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece o marco competencial, de regulamento e promoción do deporte, e a actividade física.
2. A regulación das condicións hixiénico-sanitarias da piscina está constituída polo RD742/2013, do 27 de setembro, e os Decretos da Xunta de Galicia 103/2005, do 6 de maio e o 119/2019 do 19 de Setembro

TÍTULO II. MODALIDADES DE ACCESO ÁS INSTALACIÓNS



Artigo 4º Procedementos de acceso

As instalacións deportivas da piscina municipal están abertas a todas as persoas que pretendan realizar as actividades físicas para as que están proxectadas, sen ningunha clase de discriminación. O acceso artículase a través dos seguintes procedementos:

a) Persoas asociadas (aboados):

- XERAIS. Acceden á piscina climatizada, á sala de musculación, á zona cardiovascular e a todos os espazos de uso libre, sen ningunha restrición temporal
- XIMNASIO. Acceden á sala de musculación e á zona, podendo facer uso tamén da Sauna.

Os requisitos para ser persoa asociada son os seguintes:

- Presentar a folla de inscrición.
- Achegar o número do DNI ou, no caso de asociados familiares, os do DNI dos inscritos, ou os documentos de identidade que substitúan ao DNI.
- Sinalar o número e titular da conta bancaria na que se aboarán as cotas. Se o titular da conta é unha persoa diferente do asociado, cumprirá achegar tamén o nº do DNI do primeiro.
- Certificado de convivencia ou documento equivalente expedido polo concello correspondente.

A condición de persoa asociada, pérdese de incumprir a obrigaón de pagamento durante 2 recibos consecutivos, se non se resolve esta situación nos primeiros 10 días do segundo mes sen pagar.

b) Persoas inscritas en cursos (cursistas): son as persoas inscritas nalgún curso, de sala ou de piscina, que usan as instalacións mentres se desenvolve a actividade.

Os requisitos para a inscrición nun curso son os seguintes:

- Presentar a folla de inscrición.
- Achegar o número do DNI ou, no caso de asociados familiares, os do DNI dos inscritos, ou dos documentos de identidade que substitúan ao DNI.
- Aboar no momento da inscrición da actividade a cota correspondente ó primeiro trimestre e matrícula si fose necesario (poderá aboarse todo o curso nun mesmo pago).
- Estar ao corrente no pago das cotas correspondentes a outros servizos do complexo da piscina.

As cotas de inscrición nos cursos serán trimestrais para os cursistas e as novas prazas dos cursos ofertaranse a semana anterior o trimestre. Cada clase dos cursos ten unha duración variable acorde as características da actividade, así nas clases dirixidas en auga como en seco.



As persoas que accedan ás instalacións na modalidade de inscrición en cursos só poden permanecer nelas durante os horarios definidos para os programas en que participen.

a) Entradas libres: son as correspondentes ao uso puntual das instalacións, que se pagan directamente ao acceder a elas e teñen validez para todo o día no que se obteñen. Os titulares dunha entrada libre poden usar todas as instalacións e os seus servizos (sauna, vestiario, piscina, sala de musculación e zona cardiovascular, seguindo as indicacións do persoal.

b) Por razóns de seguridade, o Concello pódelles esixir ás persoas adquirentes de entradas libres que presenten o DNI ou calquera outro documento de identidade xustificativo da súa idade.

c) As entradas libres tamén se poden adquirir agrupadas por paquetes de dez unidades, co desconto que decida o Concello. En caso de restricións no acceso, por mor do grao de ocupación das instalacións, estas afectarán en primeiro lugar ás actividades dirixidas. As persoas asociadas, con carácter xeral, teñen prioridade sobre as non asociadas.

d) Inscrición en actividades dirixidas de pago: a participación nestas actividades require inscribirse nelas nas propias instalacións.

e) Colectivos e grupos organizados: consiste no alugueiro total ou parcial das instalacións en horas ou datas determinadas, previa autorización do Concello.

As persoas que accedan ás instalacións na modalidade de colectivos ou grupos organizados só poden permanecer nelas durante os horarios de vixencia do alugueiro.

Os grupos de natación escolar e outros colectivos específicos virán acompañados dunha persoa encargada, que asume a responsabilidade da orde no recinto e a responsabilidade do bo uso das instalacións.

Nas competicións ou actividades promovidas por particulares ou asociacións, corresponderalle á persoa ou entidade organizadora o control da orde no recinto e a responsabilidade do bo uso das instalacións.

Artigo 5º Preferencia dos veciños de Outes e Outras

Para aboarse ás instalacións nas modalidades de acceso universal ou Ximnasio, teñen preferencia os veciños de Outes.

Para ás actividades e cursos o orde de preferencia será o seguinte:

1. Aboados da Piscina
2. Veciños de Outes
3. Resto.
4. No caso de listaxes de espera tamén terán preferencia segundo o mesmo orde.

A veciñanza, no caso de ser requirida, xustificarse co certificado emitido polo Concello, e deberá ter unha antigüidade mínima de 3 meses.

Artigo 6º Entradas libres

As entradas libres adquirense directamente na recepción da instalación, aboándose preferentemente a través de TPV.

Artigo 7º Accesos dos menores de idade á piscina



- Por razóns de seguridade e dadas as características do vaso, os menores de doce anos só poderán acceder á piscina acompañados por unha persoa responsable maior de idade.
- Os menores de entre doce e dezaseis anos só poderán acceder á piscina coa autorización por escrito da persoa que desempeñe a patria potestade, e , no caso de non saber nadar non poderán acceder ao vaso de baño sos.
- Os menores de dezaseis anos só poderán acceder ao cuarto de musculación e á sala de aeróbicos coa autorización por escrito da persoa que desempeñe a patria potestade. Esa autorización entregaráselle ao persoal de servizo para os efectos de control e só poderá facelo no horario en que estea presente o monitor de sala.

Artigo 8º Baixas

A comunicación de baixa na condición de persoa asociada, débese realizar por medio de escrito presentado antes do día 25 do mes. Noutro caso, a baixa non producirá os seus efectos ata o fin do mes seguinte.

A comunicación de Baixa na condición de persoa inscrita nun curso ou nunha actividade dirixida de pago, farase por escrito e procederá a levarse a cabo na finalización do trimestre en curso, ou no seu defecto pasará a ser Baixa cando non se cumpra co establecido nas condicións de pago (artigo 4. b) desta ordenanza.

TÍTULO III. INSCRICIÓN EN CURSOS E ACTIVIDADES

Artigo 9º. Trámites da inscrición

As persoas que se desexen inscribir nun curso ou actividade deberán presentar a correspondente solicitude debidamente cumprimentada no prazo que se estableza para o efecto, e deberán aboar a cota do primeiro trimestre coa solicitude, preferiblemente, mediante tarxeta bancaria, no caso de ser persoas aboadas , poderán solicitar que se lles cobre o recibo dos cursos co propio recibo do abono mensual. De cara ó segundo e terceiro trimestre do curso deberán aboar o novo trimestre antes da última semana do trimestre en curso. No caso de menores de idade, q solicitude será asinada pola persoa que exerza a súa patria potestade. A persoa quedará inscrita despois de satisfacer a cota do curso de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora.

Artigo 10º. Normas xerais dos cursos

- As persoas inscritas que non teñan a condición de asociadas accederán á instalación cinco minutos antes do inicio das actividades do curso e permanecerán fóra da auga ata que chegue o monitor.
- Os días festivos non se impartirán os cursos.
- A última semana de cada trimestre ofertaranse as novas prazas (en caso de quedar algunha libre) para o trimestre seguinte
- Cada clase de auga ten unha duración variable acorde ás características da actividade.
- O pai ou nai do bebé acudirán con el e permanecerán ao seu carón durante o desenvolvemento da sesión.



TÍTULO IV. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 11º Capacidade das instalacións

A capacidade máxima do vaso de baño da piscina é de 100 usuarios.

O aforo da sala de musculación e zona cardiovascular virá determinado polo número de aparellos e as quendas que programe o persoal responsable.

Artigo 12º Acceso aos vestiarios

1. Só se lles permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas usuarias das instalacións que, pola súa idade ou condición, non precisen de axuda para se espir ou vestir.

2. Os menores de seis anos poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo das persoas que os acompañen.

Artigo 13º Uso dos armarios. Obxectos esquecidos

1. Estarán a disposición dos usuarios armarios nos que se deberán gardar as pezas de roupa e os utensilios persoais.

2. Os armarios deberán quedar baleiros ao rematar a actividade e a xornada e non se permite a súa reserva para un uso persoal. Os armarios que permanezan pechados ao final da xornada serán abertos e baleirados polo persoal da piscina.

3. Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro lugar das instalacións permanecerán gardados durante quince días. Se nese prazo non son reclamados polo seu dono, entregaranse no Concello para os efectos legais procedentes.

4. O Concello de Outes non se responsabiliza dos obxectos que poidan ser substraídos nas instalacións.

TÍTULO V. NORMAS DE COMPORTAMENTO

Artigo 14º Normas de utilización

As persoas usuarias da piscina municipal deberán respectar as normas de utilización determinadas para cada espazo deportivo das instalacións, tendo en conta as idades de cada quen e as condicións propias de cada sala e equipamento.

O persoal da piscina deberá coidar que se cumpran as anteditas normas e, se é necesario, poderá dar instrucións concretas sobre o uso da instalación, definición dos tempos de práctica deportiva, recollida e conservación do equipamento e, se é caso, tralo correspondente apercibimento, ordenarlle o abandono do recinto ao usuario que infrinxa as disposicións deste regulamento.

Artigo 15º. Normas xerais de comportamento

Con carácter xeral, as persoas usuarias deben observar as seguintes normas de comportamento:



- Respetar os usos deportivos reservados a cada un dos espazos da instalación.
- Non consumir alimentos nin bebidas que non sexan de uso no ámbito da realización do exercicio físico. Así mesmo queda totalmente prohibido o uso de bebidas alcohólicas no interior do recinto. nin acceder a el con envases de vidro.
- Respetar as regras de uso e conservación dos diversos equipamentos.
- Utilizar roupa e calzado deportivo adecuados, diferentes dos empregados no acceso a instalación.
- Compre manter hábitos hixiénicos persoais básicos para a convivencia e prohíbese o afeitado ou depilación en toda a instalación.
- Respetar as zonas de acceso restrinxido.
- Aproveitar racionalmente a auga en duchas, vestiarios, aseos e piscina consonte os principios de protección do medio-ambiente.
- Procurar a redución, reutilización e reciclaxe do lixo.
- Non acceder ás instalacións con animais, a non ser cans-guía..

Recoméndase que as persoas usuarias das instalacións se sometan a recoñecemento médico previo, con probas de esforzo para a prescrición do exercicio e a práctica deportiva, especialmente en casos de períodos longos de inactividade ou de propensión a enfermidades cárdeo-respiratorias ou calquera patoloxía que condicione a realización do exercicio físico.

No caso de padecer algunha enfermidade, que poida condicionar a realización de actividade física, os usuarios e usuarias deberán comunicalo aos responsables da instalación para que estes poidan valorar as adaptacións necesarias en cada circunstancia, para evitar trastornos ou problemas graves de saúde.

As persoas interesadas deberán comunicarlles o máis pronto posible aos responsables das instalacións calquera incidencia ou accidente que se produzan no interior do recinto. O Concello de Outes dispón dun seguro de indemnización dos danos e perdas que teñan a súa orixe no funcionamento inadecuado do servizo público.

Artigo 16º. Normas específicas de uso da piscina

As persoas socorristas terán a autoridade pertinente para regular o uso da piscina e poderán exercer dita autoridade co fin de facer que se cumpran as normas e velar pola seguridade das persoas usuarias.

- As persoas usuarias da piscina deben observar as seguintes normas de comportamento:
- É obrigatorio o uso de traxe e gorro de baño.
- É obrigatorio o uso de sandalias ou zapatillas de baño en aseos, vestiarios, duchas e nas praias da piscina.
- Con carácter previo ao baño débese tomar unha ducha, como medida hixiénica e para temperar o corpo á actividade física.



- Non se poden realizar xogos ou prácticas perigosas (como correr, apneas prolongadas, mergullarse violentamente, botar obxectos, etc.) nin, e en xeral, actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades normais da piscina.
- O uso de aletas, pas, colchóns, lentes de cristal, reloxo ou calquera elemento que poida danar ou molestar aos demais usuarios será autorizado en cada caso polo persoal encargado.
- A utilización da carrís de baño libre virá determinada pola velocidade de nado e o uso recreativo. O socorrista é o encargado de indicar e distribuír entre o nadadores os diferentes carrís da piscina.
- Débese nadar circulando pola dereita do carril.
- Os elementos para a aprendizaxe da natación, de salvamento ou de rutina de adestramento deben solicitárselle ao socorrista e cumprirá devolvelos en bo estado.

Recoméndase que os usuarios comprobem as diferentes profundidades do vaso da piscina antes de introducirse nela, para evitar accidentes.

No caso de acceso libre e por motivos de seguridade, tendo en conta as características do vaso da piscina, os menores de 12 anos só poderán acceder á piscina acompañados por unha persoa responsable maior de idade. E os menores de 16 anos que non saiban nadar precisan presentar o consentimento escrito das persoas que exerzan a súa patria potestade ou dos titores.

Artigo 17º. Normas específicas de uso da zona de cardo e sala de musculación.

As persoas usuarias destas áreas deben observar as seguintes normas de comportamento:

- É necesario dispoñer dunha toalla para poñela sobre as máquinas ou aparellos que se usen co fin de evitar que se enlixen co suor.
- Cómpre o uso de roupa e calzado axeitado, diferente do empregado no exterior da instalación.
- As máquinas de peso guiado e peso libre deben utilizarse con suxeición ás súas normas de uso. En caso de dúbida, cumprirá consultar co persoal responsable como medida de precaución e para desfrutar da actividade física.
- O acceso á sala de musculación só está permitido a persoas maiores de 16 anos.
- O acceso á sala de cárdeo para as persoas entre 14 e 16 anos só se permitirá durante os horarios en que estea presente o persoal responsable da sala, cumprindo o establecido no artigo 7.3. Estes horarios deberán consultarse nas propias instalacións.
- O uso libre dos aparellos estará supervisado polo persoal responsable, mentres que nas actividades dirixidas será o monitor quen llos asigne aos usuarios.



- Os usuarios con instrucións sobre rutinas de traballo titorizadas asumirán a súa garda e custodia sen que o persoal da instalación teña obrigaón de subministrares copias delas.
- A carga e a descarga de pesos será responsabilidade de cada usuario. Ao rematar os exercicios ordenaranse nos lugares habilitados.
- Nos aparellos de uso regulado, deberá respectarse a listaxe de espera así como o tempo establecido como máximo (20 minutos). O persoal das instalacións poderá axustar estes tempos en función da demanda en cada momento.

Artigo 18º. Normas específicas de uso da sala de actividades.

As persoas usuarias desta sala deben observar as seguintes normas de comportamento:

- Só se pode acceder a este espazo con autorización específica do persoal responsable das instalacións.
- Débese usar roupa e calzado axeitados, diferente do empregado no acceso ao recinto deportivo.
- Ao rematar a actividade de que se trate, o usuario deberá abandonar a sala.

Artigo 19º. Normas e recomendacións específicas sobre o uso da sauna.

As persoas usuarias da sauna deben observar as seguintes normas de comportamento:

- Só poden acceder á sauna as persoas maiores de 16 anos.
- O tempo máximo de uso será de 15 minutos, que se controla por medio do correspondente reloxo de area. O grao de humidade máximo permitido é 20% e a temperatura máxima de 80º.
- Por razóns sanitarias, é preciso realizar un baño corporal con xabón neutro antes de entrar na sauna.
- É necesario o uso de toalla para tenderse ou sentar nos bancos.

Advírtese que é nocivo para a saúde a utilización da sauna coa pel mollada en auga tratada para o baño público, que está contraindicada para persoas con hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazadas ou previo á inxestión de bebidas alcohólicas; e que está rigorosamente prohibido o afeitado e depilado dentro de todo o recinto e, en particular, na sauna.

Recoméndase ducharse en auga fría despois do uso da sauna para temperar o corpo e evitar problemas de saúde, e aconséllase a consulta a profesionais sanitarios antes do uso da sauna ou con ocasión de molestias derivadas del.

O persoal das instalacións poderá regular o acceso á sauna ás persoas que considere, sempre velando pola súa seguridade e saúde.

Artigo 20º. Normas específicas de uso da pista de pádel

As persoas usuarias desta instalación deben observar as seguintes normas de comportamento:

- Antes de entrar na pista, os xogadores deberán de limpar correctamente seu calzado, que será o adecuado para este tipo de superficie.



- Ao deixar a pista recollerán todos os utensilios, complementos, roupa ou calquera outro elemento que utilicen e procurarán deixar a instalación perfectamente limpa.
- Ao rematar a hora adquirida de uso, deberanse pechar as 4 portas da pista e deixar a chave no buzón habilitado ó efecto. A perda, extravío, ou non entrega da Chave da Instalación considerarase unha infracción leve das Normas, e conlevará a sanción máis alta do tramo.

TÍTULO VI. NORMAS SANCIONADORAS

Artigo 21º. Infraccións

1. Considéranse infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A desobediencia das instrucións e advertencias que imparta o persoal das instalacións de cara a cumprir este regulamento, en especial, as normas referentes ao comportamento dos usuarios e a utilización das instalacións.
- b) As accións negligentes que causen desperfectos nas instalacións ou equipamento.

2. Considéranse infraccións graves as seguintes condutas:

- a) As falta de respecto cos traballadores das instalacións ou cos demais usuarios.
- b) As accións que signifiquen unha deterioración grave das instalacións ou do equipamento.
- c) A reiteración de infraccións leves.

3. Considéranse infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) As accións que prexudiquen gravemente ou poñan en risco a saúde dos usuarios ou dos traballadores da instalación.
- b) As accións que signifiquen unha deterioración grave e irreparable das instalacións ou do equipamento.
- c) A reiteración de infraccións graves.

Artigo 22º. Sancións

As infraccións leves serán sancionadas con multa de 30,00 € a 60,00 €, as graves con multa de 60,00 € a 150,00€, e as moi graves con multa de 150,00 € a 300,00 €, prohibición de entrada nas instalacións por un período de ata dous anos e perda da condición de asociado.

Aquela persoa que séa sancionada con 3 infraccións leves, 2 graves ou unha moi grave será proposta para a prohibición durante dous anos do acceso a dita instalación.

Artigo 23º. Procedemento sancionador

A sanción por infraccións leves require a audiencia previa da persoa inculpada e a sanción por infracción graves ou moi graves require a tramitación de



procedemento de conformidade coa normativa legal reguladora da potestade sancionadora.

TÍTULO VII. CONVENIOS.

As entidades xurídicas con sede no Concello de Outes, debidamente federadas nos organismos deportivos oficiais, que realicen actos con carácter periódico, deberán solicitar o convinte concerto económico para a exención ou redución das tarifas existentes.

Atendendo ó interese social, cultural e formativo, poderanse tamén solicitarse convenios co concello de Outes para a utilización das instalacións de periódica ou eventual cunha exención ou redución da tarifa aplicable de ata o 75% do prezo establecido.

TITULO VIII. QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

Artigo 24º.

Calquera avaría, anormalidade ou deficiencia observada no normal desenvolvemento dos servizos, así como nas instrucións ou disposicións do persoal encargado das instalacións poderán ser obxecto de reclamación perante a Alcaldía do Concello. Con independencia do anterior, poderá facerse calquera tipo de reclamación ou suxerencia a través do rexistro no Concello de Outes.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor trala súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Contra o antedito regulamento pódese interpoñer recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde a publicación deste anuncio no BOP, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

